

**PLN/2025/01.- ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URGENTE  
CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA TRECE  
DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.**

Sendo as catorce horas e un minutos do trece de xaneiro do ano dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, reúnese o Pleno aos efectos de celebrar a sesión extraordinaria urxente, baixo a presidencia do Alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba, contando coa presenza dos seguintes concelleiros/as:

<b>Cadro de asistencia</b>	
<b>Concelleiro/a</b>	<b>Asistencia</b>
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
José Miguel Mahía Prados	Asiste
Jorge Manuel Kuntz Peiteado	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Begoña María Gómez Díaz	Asiste
Evaristo Deus Deus	Asiste
Verónica Fernández Varela	Asiste
Javier Cartelle Cudilleiro	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste
María Dolores González Lorenzo	Non asiste
Iván Martínez González	Asiste

Excusan a súa asistencia a concelleira María Dolores González Lorenzo.

Actúa como secretaria a titular do posto de secretaria xeral, Dna. Paula E. Ramos Díaz.

Coa presenza da interventora accidental (Resolución da concellería delegada de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior n.º 2024-1510, de 23 de decembro de 2024) , Mercedes Ocampo Santiago.

Déixase constancia de que para os efectos do cumprimento do deber de publicidade activa e de conformidade co establecido no artigo 5.3º da Lei 19/2013, do 9 de decembro,



de transparencia, acceso á información e bo goberno, a acta reflicte as operacións de disociación de datos de natureza persoais necesarias así como as impostas polo artigo 51 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día.

## A) PARTE RESOLUTIVA

**1º.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO CARÁCTER URXENTE DA CONVOCATORIA.** Para os efectos previstos no artigo 79 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese á consideración do Pleno a ratificación da urxencia de cada un dos expedientes incluídos na orde do día segundo Decreto de alcaldía núm. 2025-0019 de 10 de xaneiro de 2025 no que se sinala para os efectos da motivación da urxencia da convocatoria:

“Convocar, co fin de adoptar polo Pleno, de ser o caso, os acordos necesarios para poder solicitar a participación do Concello no POS+ Adicional 1/2025 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025, cuxo prazo de presentación remata ás 15.00 horas do mércores 15 de xaneiro de 2025, así como a adhesión, con efectos do 01.01.2025, ao Convenio de Colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, os cales non poden esperar ata a convocatoria do vindeiro pleno ordinario, sesión extraordinaria urxente do Pleno da Corporación, o día 13 de xaneiro de 2025 ás 14:00 horas, para tratar dos asuntos que se expresan na orde do día.”

Abre o exame deste punto da orde do día o Alcalde trasladando os antecedentes que constan no indicado decreto da convocatoria así como en relación ao expediente que figura como punto núm. 2 da orde do día, das conversas realizadas co persoal técnico municipal dando conta da falta de cobertura e viabilidade das actuacións solicitadas na previa Comisión Informativa realizada con data 2 de xaneiro de 2025.

Non subscitándose debate algún e sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

<b>Grupo municipal</b>	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (1)
<b>Sentido do voto</b>	A favor	A favor	A favor	A favor

En función do resultado, préstase aprobación a acta.

**2º.- SECRETARÍA.- EXPEDIENTE 2481/2024. POS+ADICIONAL 1/2015 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCIZO 2024.-** Elévase á consideración do Pleno documentación que consta no expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona núm. 2481/2024:

- Circular da Deputación provincial de A Coruña sobre POS+Adicional 1/2025 para gstos sociais extraordinarios do exercizo 2025.



- Informe técnico segundo modelo oficial para gasto corrente e gasto de inversión de data 23 de decembro de 2024.
- Informe de fiscalización da intervención segundo o modelo oficial para gastos correntes e de inversión emitido con data 27 de decembro de 2024.
- Proposta asinada polo Alcalde con data 27 de decembro de 2024.
- Orzamento desagregado gastos de inversión e Anexo XVIII cumplimentado de data 10.01.2025.

<b>Primeira quenda de intervencións</b>	
<b>Alcalde</b>	Abre o exame deste punto da orde do día dando conta dos antecedentes do expediente e importe asignados para gasto corrente e de inversión no que xustifica a proposta de petición de fondos a adquisición dunha nova fotocopiadora considerada acción prioritaria para facilitar ou axilizar o traballo administrativo vinculado ao departamento de Benestar Social.
<b>Grupo PSdG-PSOE</b>	Abre a súa intervención lembrando que se trata dunha incidencia que se repite no tempo en tanto se xa se fixeron os mesmos comentarios en anos precedentes en tanto igualmente se efectuaron gastos de inversión non directamente relacionadas coas persoas usuarias do servizo (ordenadores, móbiles etc). Segundo o seu seu grupo este tipo de iniciativas son un reflexo da ausencia de planificación do goberno local e por todo elo se van a abster para que o expediente poda ser presentado máis deixando constancia de que instan a que o ano 2025 se traballe nalgunha liña que se traduza en melloras efectivas para o servizo, ben material ou actividades.

Sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

<b>Grupo municipal</b>	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (1)
<b>Sentido do voto</b>	A favor	Abstención	Abstención	En contra

En atención ao resultado da votación, o Pleno de conformidade co establecido no art. 22 e 25.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte **acordo**:



**Primeiro-** Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2025” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, aceptar a totalidade das súas Bases , e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2025  
 Dato notificado que figura no seu expediente

39.851,27 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	PREVISIÓN DE GASTOS 2025	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
Gastos correntes	32.520,82	0,00	32.520,82	32.520,82 €	0,00 €
Investimentos: Tipoloxía i			0,00 €		0,00 €
Investimentos: Tipoloxía j	7.330,45	0,00	7.330,45 €	7.330,45	0,00 €
<b>TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025</b>	<b>39.851,27 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>39.851,27 €</b>	<b>39.851,27 €</b>	<b>0,00 €</b>

#### IMPORTES SOLICITADOS

I. Importe solicitado para gastos correntes	<b>32.520,82 €</b>
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i	<b>0,00 €</b>
III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j	<b>7.330,45 €</b>
<b>TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025 (I + II + III)</b>	<b>39.851,27 €</b>

**Segundo.-** Comprometerse a a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

**Terceiro.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

**3º.- SECRETARÍA.- EXPEDIENTE 18/2025. CONVENIO COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DA CORUÑA, LUGO, OURENSE E PONTEVEDRA, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS: SOLICITUDE DE ADHESIÓN.-** Elévase á consideración do Pleno o expediente administrativo aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona núm. 18/2025 con motivo da tramitación da adhesión, no seu caso, do concello de Mugardos ao convenio de Colaboración asinado con data 30 de decembro de 2024 entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e as Deputacións provinciais de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra



incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais.

<b>Primeira quenda de intervencións</b>	
<b>Alcalde</b>	Abre o exame deste punto da orde do día o Alcalde dando conta dos antecedentes do expediente, trasladando ao Pleno as peticións que se están a formular á Xunta de Galicia para que incremente a dotación económica do financiamento previsto no convenio.
<b>Grupo PSdG-PSOE</b>	<p>Inicia a súa intervención lembrando como xa aconteceu na tramitación do previo convenio que expirou a súa vixencia o 31 de decembro de 2024 que a base do servizo se atopa nun estado lamentable así como da necesidade do mantemento dos vehículos e consideran que se trata dunha cuestión importante xa que é un dos compromisos que asume o concello de Mugar dos Seguros segundo o propio convenio. Adiantan o seu voto a favor máis pedindo tal e como se indica no texto do convenio que se cumpran cada unha das obrigas e puntos que debe asumir o concello como retirada de pilas, labores de prevención etc asumindo as responsabilidades políticas de xestión do servizo, tendo en conta as incidencias do ano 2024 nos que houbo centros que no estiveron operativos prestándose as súas labores polo GES de Mugar dos Seguros. Instando así ao Alcalde a que indique por escrito do que sí ou non vai a facer o GES como as saídas fóra do seu ámbito territorial si recollidas máis para labores de incendios e emerxencia e non para calquera saída ou funcionando de xeito efectivo como unidade responsable cando debería ser unidade de apoio.</p> <p>A sinatura durante tres anos presenta un problema en canto que a responsabilidade final total é dos concellos polo que solicita a petición por escrito de maiores fondos da Xunta e das Deputacións para que podan ser xustificadas ante o resto de grupos municipais. En canto á labor de interlocución coa Xunta e FEGAMP tampouco hai constancia de que lles trasladasen por escrito dende o concello posibles melloras. Polo que cara a futuros convenios piden que se eleven previamente á Comisión Informativa para acordar cos</p>



	<p>restantes grupos.</p> <p>Adianta que o PSdG-PSOE non van a admitir outra cousa que non sexa cumprir co que se está proponendo no texto do convenio para o que se propón a adhesión e quere que quede claro e que se informe ao GES.</p>
--	--

<b>Segunda quenda de intervencións</b>	
<b>Grupo PP</b>	<p>Estima que é necesario aclarar distintos puntos. Primeiro, ao GES o moviliza o 112 directamente e non o concello. En segundo lugar, a competencia corresponde á Deputación provincial asumindo o concello o que se ven a denominar competencia impropia. A petición previa de ampliación do servizo do grupo PsdG-PSOE lembra se fizo polo concello que non participa na redacción do convenio.</p> <p>Este convenio é para o financiamento do servizo. O problema de fondo é a competencia sobre as emerxencias e que a prestación do servizo custa máis que o que se dixo a inicio e, ou aumentan o financiamento ou é prestado directamente polas Deputaciónes. Remata a súa intervención indicando que aínda que acolla un posible ámbito temporal de tres anos, a vixencia do convenio pode ser denunciado polas partes.</p>
<b>Alcalde</b>	<p>Tal como indicou o portavoz do seu grupo, o 112 notifica que vai a haber un servizo ou na maioría dos casos non avisan, e o realiza de oficio en función dos recursos que estima son necesarios. E no caso de negativa considera poda dar lugar a asumir responsabilidades por omisión de auxilio. E como non pode prever cáles sexan as consecuencias, non se pode negar pese a que comparte o criterio de que se intente non asuman servizos que non lles corresponden como as incidencias no funcionamento dos parques comarcais ás que fixeron previamente referencia.</p>
<b>Grupo PSdG-PSOE</b>	<p>Quere aclarar que o que se pide é que sen negar o servizo, se eviten riscos e gastos que non por que asumir o concello. O convenio non só ten un compoñente</p>



	económico se non tamén acoutar deberes e responsabilidades. E a responsabilidade é do concello sendo a participación da Deputación meramente a efectos financeiros.
--	---

Sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

<b>Grupo municipal</b>	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
<b>Sentido do voto</b>	A favor	Abstención	A favor	Abstención

En atención ao resultado da votación, o Pleno de conformidade co establecido no art. 22 e 25.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte **acordo**:

**Primeiro.-** Levantar o reparo formulado pola intervención municipal en informe núm. 2025-0001, de 9.01.2025.

**Segundo.-** Solicitar a adhesión, con efectos do 01.01.2025, ao Convenio de Colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, e, en consecuencia, manifestar a vontade de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.

**Terceiro.-** Facultar ao sr. Alcalde, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, para a sinatura de cantos documentos sexan precisos para a efectiva adhesión do Concello de Mugardos ao citado convenio.

Non habendo máis asuntos que tratar o Alcalde levantou a sesión sendo as catorce horas e vinte e nove minutos, estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe e que conta cun soporte de grabación en audio cuxa pegada dixital é:

CFA4467432633B1175FEE8922F50D06AEBA55FDB20CCDCC644BA1F6753B46BDA

Visto e praxe

O Presidente

Juan Domingo de Deus Fonticoba

A secretaria

Paula E. Ramos Díaz

